

ADULTOS




HÉCTOR CAJARAVILLE
De remate. Ed. Xerais.

Novela “divertida, entretida e ben escrita que recrea con acerto e habilidade diferentes rexistros lingüísticos e variedades dialectais que axudan a retratar ós personaxes”
Retrato sociolóxico da Galicia que habitamos.

XOSÉ NEIRA VILAS.
Memorias dun neno labrego. Ed. Do Castro


Balbino cóntanos como era a vida na aldea nos anos 40. Obra fundamental da narrativa galega contemporánea.




HIROMI KAWAKAMI
O maletín do mestre.

Ed. Rinoceronte

Dous personaxes solitarios, Tsukiko de 38 anos, e o seu antigo mestre, Harutsuna, que case lle duplica a idade, atópanse casualmente nunha taberna. O azar convértese en costume e así, entre grolos de sake e festíns gastronómicos, comeza unha curiosa e tenra relación de amor



PARA VER



Percorrido polas
“viaxes” de Manuel
María

Baseada na novela
homónima de
Blanco Amor.



Conta as
dificultades que
teñen que supera
catro nenos de
diferentes países
do mundo para ir á
escola. (Tamén temos
libro co mesmo título)

NADAL 2015





O Equipo de Biblioteca do IES de
Monterroso deséxavos a todas/os
UN NADAL DE FELICES LECTURAS



PRIMEIRO CICLO ESO

XOSÉ NEIRA VILAS.
Espantallo amigo.
Ed. Galaxia.

Esta é a historia dun espantallo que en vez de espantar os melros, faise amigo dos animais e dos rapaces.




GERALD DURRELL.
Los secuestradores de burros.
Ed. Alfaguara.


David e Amanda axudarán ó seu amigo Yani, orfo, que está a piques de perder a súa casa e as súas terras. Con gran enxeño e astucia, os tres mozos serán capaces de enfrontarse á inxustiza.

ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO
ANTONIO REIGOSA,
Lendo lendas, digo versos
Ed. Xerais

Vinte lendas variadas tanto na temática como na procedencia xeográfica, con cadanseu poema, en harmoniosa compañía.



SEGUNDO CICLO ESO




ANDREA MACEIRAS.
Europa Express.
Ed. Xerías.

Aroa, Xacobe, Nico, Bea, Oscar, Piero e Mía deciden viaxar xuntos por Europa en Interrail ó rematar o bacharelato... A liberdade das viaxes, a busca da identidade, a procura do amor, son algunhas das constantes deste relato que afonda na esencia da mocidade. Atrévete?

UWE OMMER.
Familias. Un viaje alrededor del mundo
Ed. SM

Especie de atlas das familias do mundo. Ó lado de cada foto aparecen os datos fundamentais dos seus respectivos países e un mapa dos mesmos.



XOSÉ NEIRA VILAS
Romaría de historias
Ed. Galaxia

Novela chea de lembranzas que fan bo o dito de que todos somos ou fomos da aldea.



BACHARELATO E CICLOS

ANTÓN RIVEIRO COELLO
Os elefantes de Sokúrov
Ed. Galaxia

O amor, o suicidio, a crise económica, a creación artística, a memoria, a solidariedade, a vellez, os desafiuzamentos, o traballo precario da mocidade e a pobreza nas rúas entremezclanse nesta novela sobre o esencial da vida humana.



CÉSAR MALLORQUÍ
La estrategia del parásito
Ed. SM

Apaixoante tecno-thriller donde nada resulta ser o que parece. Un relato de intriga e misterio no que uns poucos teñen que enfrontarse a unha ameaza aterradoramente letal. E tamén é, en definitiva, unha historia de amor. Unha historia de amor no inferno.

ALFREDO GÓMEZ CERDÁ
El rostro de la sombra
Ed. SM

Unha gamberrada. Un móbil. E un blog en internet. Como é posible que algúns vídeos de internet se difundan tan rápido? Unha escena interesante, unha anécdota divertida... Hai que grabar algo que chame a atención. Algo arriscado e perigoso. Ninguén pode saber quen o colgou. Adrián e os seus colegas teñen a grande idea...En 24 horas será o vídeo máis visto en Internet. Pero... ninguén pensou nas consecuencias do que fixeron?

